




CADRAMÓN-XISTRAL


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 10 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 4 horas



Unha camiñada de ida e volta por un espazo único, entre os dous cumes máis representativos do Xistral, para gozar das especiais características do medio e de excelentes panorámicas da serra e do seu contorno .

COMO CHEGAR:

Accedese desde a estrada que comunica Abadín (Terra Cha) con Ferreira (O Valadouro). Na zona dos cumes cóllese un desvío que vai á estación do parque eólico e que nos leva ata o cumo do Cadramón.

Iniciamos a ruta no cumo do Cadramón para que a posición do sol, ás nosas costas, non interfira nas vistas, baixamos por un “cortalumes” de forte pendente ata o pé do monte, e camiñamos polo mesmo, que segue a liña dos cumes, ata chegarmos a un peche de arame, pasamos ao outro lado e, avanzando paralelos a el, coroamos e descendemos as Barreiras do Lago e chegamos ata a estrada que sube ao pico do Xistral que seguiremos no derradeiro tramo. Baixadas as Barreiras do Lago podemos apartarnos do peche, e seguindo un carreiro das vacas, evitar unha pequena lomba e achegarnos á estrada do Xistral un pouco máis adiante.

A volta facémola polo mesmo camiño que remata coa subida pola forte pendente que leva ao cumo do Cadramón (algo máis de 600 m cun desnivel por enriba do 20%).



Baixando no Cadramón



Barreiras do Lago. Ao fondo o Xistral.



O Apagadoiro desde As Barreiras do Lago



Vista cara ao norte desde As Barreiras do Lago



Vista desde o Xistral sobre o val de Viveiró



Baixando das Barreiras do Lago cara ao Cadramón



Voitre, unha visita inesperada



De volta polo Seixo Branco. Ao fondo unha das ameazas da ruta, a néboa sobre o cume do Cadramón



O camiño feito e o camiño de volta. O Cadramón desde o Xistral.